



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa da Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 436
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2016

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, de conformidade co establecido no artigo 16 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 13, do 18 de xaneiro de 2013), con motivo do Día das Letras Galegas, convoca un concurso para a elaboración dunha exposición sobre a obra, época e lingua do autor homenaxeado en 2016, Manuel María Fernández Teixeiro, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que este viviu.

OBXECTIVOS

1. Potenciar o estudo da obra e da época de Manuel María Fernández Teixeiro.
2. Propiciar a reflexión sociolingüística sobre esta etapa histórica.
3. Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas na dignificación e normalización da lingua galega.
4. Impulsar a realización de actividades que fomenten a colaboración interdepartamental e que potencien a implicación activa do profesorado e do alumnado.
5. Fomentar e difundir unha visión persoal por parte da comunidade educativa sobre a figura deste autor.
6. Enriquecer a oferta de materiais existentes en lingua galega, e promover a súa divulgación como referentes para outros centros.

BASES

1. Participantes

Poderán participar todos os centros de ensino non universitario de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos que se refire a base segunda desta convocatoria.

2. Categorías

Establécense dúas categorías:

- a) Para os centros de educación infantil e primaria.
- b) Para os centros de educación secundaria e bacharelato, de formación profesional e para os restantes centros de ensinanzas especiais: ensinanzas artísticas (de arte dramática, de artes plásticas e deseño, de conservación e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa da Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 436
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega



restauración, de danza, de deseño, de música), ensinanzas deportivas e ensinanzas de idiomas.

Os centros educativos nos que se imparte educación infantil, primaria e secundaria poderán concursar nas dúas categorías.

3. Eixe temático dos traballos

O eixe temático da exposición será a obra e a época de Manuel María Fernández Teixeiro, observada dende unha perspectiva pluridisciplinar e onde o percorrido biográfico sexa só un pretexto para abordar unha realidade complexa e heteroxénea.

4. Forma de elaboración do traballo

O traballo será interdepartamental.

No caso dos centros de educación primaria, terase en conta a participación dos equipos de distintos ciclos.

5. Número e características dos carteis e da guía

A exposición constará de:

- 10 carteis de 70 x 50 cm.
- Para cada cartel elaboraranse unha serie de actividades que guíen a súa observación e fomenten o labor de investigación do alumnado.
- Estas actividades xuntaranse á exposición en forma de guía ou cuestionario e a súa extensión non superará as 20 páxinas.
- A técnica para utilizar é libre e os traballos poderanse presentar a cor.

Os traballos serán orixinais e inéditos.

6. Premios

Os grupos de traballo que elaboren as exposicións gañadoras recibirán cadanxeu premio en metálico por importe de 2.000 €.

Se a calidade dos traballos presentados non fose a axeitada, os premios poderán declararse desertos.

7. Presentación dos traballos

Os traballos entregaranse en formato dixital pdf ou jpg, cunha resolución entre 100 e 200 píxeles/polgada, modo de cor cmyk, acompañados da reproducción impresa dun dos carteis, no Rexistro Central da Xunta de Galicia, nos das súas delegacións provinciais ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa da Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 436
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega



26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Presentaranse baixo un pseudónimo ou lema identificador. Os datos do centro e os do grupo de traballo introduciranse nunha plica. No exterior desta figurará únicamente un pseudónimo ou un lema da exposición.

Para os efectos de axilizar a recepción dos traballos, os centros poderán adiantar a proposta de carteis e de guía á Secretaría Xeral de Política Lingüística mediante o envío ao seguinte enderezo electrónico: sxpl.planificacion@xunta.es.

Co obxecto de preservar a confidencialidade dos traballos á hora de ser avaliados polo xurado, o envío realizarase separando os arquivos coa proposta de traballos, aos que lles dará un nome ou lema, do arquivo onde aparece o nome e datos do centro. A Secretaría Xeral de Política Lingüística entregarálle ao xurado únicamente os traballos identificados co lema ou nome que lle dea o centro. Unha vez que o xurado remate a súa valoración, unirase cada traballo co nome do centro que o elaborou.

Esta forma de envío non exime os centros de entregar os traballos no rexistro oficial, tal e como se establece no primeiro parágrafo.

8. Prazo

O prazo de presentación dos traballos remata o día 22 de xaneiro de 2016.

9. Xurado

Para o ditame dos premios establecerase un xurado formado por:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Política Lingüística.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística.
- Un asesor ou asesora técnica encargado/a dos contidos educativos. O xurado poderá contar cos informes dunha comisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles proxectos que coide pertinentes.

10. Criterios de valoración

O xurado terá en conta os seguintes criterios de valoración:

- Ampliación da perspectiva de coñecemento do autor homenaxeado.
- Inclusión de actividades dirixidas a distintos ámbitos de coñecemento, ademais das correspondentes aos seminarios implicados.
- Nivel de implicación e incidencia na comunidade educativa.
- Carácter motivador e orixinalidade da proposta.



- Orde, claridade, coherencia e corrección gramatical na presentación.

11. Tratamento dos orixinais

Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os/as autores/as así o soliciten, por escrito, no prazo máximo dun mes a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren, destruiranse.

12. Distribución das exposicións gañadoras

A exposición de cada unha das categorías que resulte seleccionada será impresa e distribuída en máis de 1.600 puntos de Galicia e do exterior, tales como centros de ensino, centros de estudos galegos, centros da emigración, bibliotecas municipais e casas da cultura, entre outros. Nela figurarán a imaxe gráfica da Xunta de Galicia e o nome do centro gañador.

13. Responsabilidades legais

A Secretaría Xeral de Política Lingüística quedará eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da lexislación vixente na que, en materia de propiedade intelectual, puidesen incorrer os/as participantes.

14. Difusión dos traballos gañadores

A Secretaría Xeral de Política Lingüística reserva para si o dereito a organizar exposicións e/ou exhibir, reproducir ou publicar a imaxe ou o contido dos traballos presentados, por calquera medio que se considere oportuno, sen máis limitacións cas derivadas do Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

15. Propiedade intelectual

O concepto creativo global do traballo é de explotación exclusiva da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Todos os materiais que se produzan pasarán a ser propiedade da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que poderá realizar as modificacións que, de acordo cos autores, melloren o resultado final e faciliten acadar os obxectivos desta convocatoria.

16. Modificacións

Os centros gañadores deberán entregarlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística os traballos presentados nun formato de alta resolución que permita realizar as modificacións que, de acordo cos autores, cumpra realizar.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa da Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 436
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

17. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación destas bases. A Secretaría Xeral de Política Lingüística queda facultada para dirimir calquera controversia derivada da interpretación das bases.

O ditame do xurado será inapelable.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2015

Valentín García Gómez

Secretario Xeral de Política Lingüística